

BOLETÍN INFORMATIVO DE INICIO DE CURSO 2024-2025

Con esta circular o persoal do Centro quere saudar a todas as nais e pais do alumnado e ofrecervos información que pode ser de interese para este curso escolar. Recomendámosvos que **gardedes este documento ata final de curso** para poder consultalo en distintos momentos.

Así mesmo, pregámosvos que o leades coa maior atención e respectedes as normas e consideracións que aquí se explican. Tamén podedes descargar da páxina Web as NOF (Normas de Organización e Funcionamento), pois só entre todas e todos conseguiremos que o Centro funcione ben. Grazas anticipadas.

1. O NOSO CENTRO: CEIP SERRA VINCIOS.

Enderezo: A Serra s/n – 36316 Vincios - Gondomar (Pontevedra).

Tlf. do Centro: 886120042 (non chamar a outra extensión diferente).

Tlf. Departamento de Orientación: 886120045

Correo Electrónico: ceip.serra.vincios@edu.xunta.gal

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios/>

IES adscrito: IES Terra de Turonio de Gondomar.

Proxecto Educativo de Centro (PEC): preocupámonos pola formación integral dos alumnos/as e estamos comprometidos coa nosa cultura, a igualdade, o medio ambiente, a formación en valores democráticos e o fomento do espírito de superación e de traballo en equipo.

2. HORARIOS.

HORARIO ALUMNADO		PATIO CUBERTO		FACHADA PRINCIPAL	
		Porta 1 (esquerda) Ed. Infantil	Porta 2 (dereita) 1ºEP e 2ºEP	Porta 1 (dereita) 3ºEP e 4ºEP	Porta 2 (esquerda) 5ºEP e 6ºEP
ENTRADA	Alumnado transportado			8:40h	
	Alumnado non transportado	9:00h	De 8:55h a 9:00h	De 8:55h a 9:00h	De 8:55h a 9:00h
SAÍDA	Alumnado transportado				
	Alumnado non transportado	13:50h	13:55h	13:55h	14h

Alumnado	De 9h a 14h.
Secretaría	De 12h a 14h.
Atención familias	Martes de 17:30h a 18:30h con cita previa.
Comedor	De 14h a 16h.
Aula matinal	De 7:30h a 9h.
Transporte	Sáidas polas mañás: 8:25h e chegada ao Centro ás 8:40h. <u>Ruta 1:</u> Figueiró-Salgueiro-Muiños-Casás-Colexio. <u>Ruta 2:</u> Fraga-Resteva-Cernada-Xian-Tumbio-Colexio.

3. PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE.

PROFESORADO	TITORÍA / ESPECIALIDADE
Noemí Ortiz Pozo	4º Educación Infantil (3 anos)
Bibiana Villar Conde	5º Educación Infantil (4 anos)
Mª Montserrat Martínez Isla	6º Educación Infantil (5 anos)
Cristina Rodríguez Arias	1º Educación Primaria
Ana Mª Iglesias Iglesias	2º Educación Primaria
Rosa Ana Vila da Vila	3º Educación Primaria
Filomena Salgueiro Moure	4º Educación Primaria
Lucía Núñez González	5º Educación Primaria
Mª José Oliveira Antón	6º Educación Primaria
Ana Pérez Rodríguez	Apoio Educación Infantil
Cristina Vega Bastero	Inglés
María José Salgado González	Orientadora
Carmen Rivera Alén	Pedagoxía Terapéutica (PT)
Alexandra Díaz Blanco	Audición e Linguaxe (AL)
Marta Seoane Alonso	Pedagoxía Terapéutica (PT) afín AL
Elena Paz Alonso	Música e Danza
María Molinos Rodríguez	Relixión
Miguel González Barreira	Educación Física
PERSOAL NON DOCENTE	FUNCIÓN
Susana López Souto	Coidadora Alumnado NEAE
Oswaldo Salgueiro Otero	Conserxe
Inés Alonso Barreiro / Teresa Rois Jordedo / Estefanía Bustos Poggolini	Coidadoras do Comedor
Mercedes Diós Covelo / Patricia Glez. Diós	Persoal de limpeza
Paula / Alba / Jorge Grova / Margarita Solla	Persoal de transporte

4. CONSELLO ESCOLAR.

No mes de novembro (cada 2 anos) haberá eleccións para a súa renovación parcial.

- Equipo Directivo:**
 - Director: Miguel González Barreira
 - Xefa de Estudos: Elena Paz Alonso
 - Secretaria: María José Salgado González
- Representantes do profesorado:** Filomena Salgueiro Moure, Ana Pérez Rodríguez, Cristina Vega Bastero, Noemí Ortiz Pozo e Bibiana Villar Conde.
- Representantes das nais e pais:** Lucía Gil Rodríguez, Mirian Rodríguez Comesaña, María José Freiría Iglesias e María Esther López Bernárdez.
- Representante da ANPA:** Gonzalo Carbajo Quintas.
- Persoal non docente:** Susana López Souto.
- Representante do Concello:** José Manuel Chamorro González.

5. PROXECTO ANUAL DE CENTRO.

“OLIMPIADAS NAS ONDAS” será o título do Proxecto Anual que desenvolveremos este curso académico.



6. ENTREVISTAS E REUNIÓNS CO PROFESORADO.

- As titorías levaranse a cabo os **martes de 17,30h a 18,30h, de forma presencial e con cita previa**, empregando as canles habituais. Acordádevos de pedir cita á titora do voso fillo/a para levar un seguimento escolar axeitado.
- A comunicación entre as familias e o profesorado para intercambiar información sobre o alumnado durante o curso escolar é fundamental, calquera dato pode ser importante.
- Non debemos desautorizar a acción dos profesores/as en presenza das vosas fillas e fillos.
- Facilitade aos vosos fillos/as cantos medios sexan precisos para levar a cabo as actividades e tarefas que lle indique o profesorado.
- Ante calquera tipo de dúbida, explicación ou pregunta dirixídevos sempre ao profesor/a correspondente.
- O Departamento de Orientación atenderá presencialmente ás familias que así o desexen sempre con cita previa. A súa función consiste en identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado por medio de diferentes avaliacións psicopedagóxicas e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións.

7. CALENDARIO ESCOLAR.

Gardade o calendario escolar durante todo o curso xa que **non enviaremos notas de aviso** recordando os días non lectivos.

A entrega dos Boletíns de Notas realizarase nas seguintes datas:
20 de decembro / 28 de marzo / 24 de xuño (só por AbalarMóbil).

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA							CEIP SERRA-VINCIOS A Serra s/n - Vincios 36316 GONDOMAR (Pontevedra) 886 120 042						
CALENDARIO ESCOLAR FAMILIAS 2024-2025													
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
1							1	2	3	4	5	6	
2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13
9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20
16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27
23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31			
30													
Xaneiro 2025							Febreiro 2025						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	10	11	12	13	14	15	16
13	14	15	16	17	18	19	17	18	19	20	21	22	23
20	21	22	23	24	25	26	24	25	26	27	28	29	30
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30
Maio 2025							Xuño 2025						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	10	11	12	13	14	15	16
15	16	17	18	19	20	21	17	18	19	20	21	22	23
22	23	24	25	26	27	28	23	24	25	26	27	28	29
29	30	31					24	25	26	27	28	29	30
1º TRIMESTRE							2º TRIMESTRE						
ACTIVIDADES E CONMEMORACIÓNS													
11/09: INICIO DO CURSO ESCOLAR	24/01: Día Internacional da Educación	01/04: Día das Artes Galegas											
17/09: FIN PERÍODO ADAPT. INFANTIL	30/01: Día da Non Violencia e da Paz	07/04: Día Mundial da Saúde											
20/11: Día Universal da Infancia	23/02: Día de Rosalía de Castro	22/04 ao 25/04: Semana do Libro											
25/11: Día Intern. contra a Violencia de Xénero	08/03: Día Internacional da Muller	02/05: Día Internacional contra o Acoso Escolar											
02/12 ao 06/12: Constitución e Estatuto Galicia	10/03 ao 14/03: Semana da Prensa	09/05: Día de Europa											
03/12: Día Internacional Pessoas Discapacidade	15/03: Día dos Dereitos do Consumidor	12/05 ao 16/05: Semana das Letras Galegas											
10/12: Día dos Dereitos Humanos	21/03: Día da Poesía	05/06: Día do Medio Ambiente											
20/12: NOTAS 1ª AVALIACIÓN <i>(Visibles en AbalarMóbil)</i>	28/03: NOTAS 2ª AVALIACIÓN <i>(Visibles en AbalarMóbil)</i>	20/06: FIN DE CURSO											
		24/06: NOTAS AVALIACIÓN FINAL <i>(Visibles en AbalarMóbil)</i>											
DÍAS NON LECTIVOS E FESTIVOS													
31/10: DÍA DO ENSINO	03/03 ao 05/03: ENTROIDO	01/05: DÍA DO TRABALLO											
01/11: TODOS OS SANTOS	14/04 ao 21/04: SEMANA SANTA	02/05: LIBRE ELECCIÓN DE CENTRO											
06/12: DÍA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA													
13/12: STA. LUCÍA DE VINCIOS													
23/12 ao 07/01: NADAL													

8. PÁGINA WEB, BLOGUES DE AULA E APLICACIÓN “ABALARMÓBIL”.

O enderezo da páxina web do Centro é:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios/>

A maioría das comunicacións do centro serán de forma telemática:

- **Páxina Web do Centro:** Nela podes atopar os enlaces aos diferentes blogues do profesorado e tamén acceder a toda a información relativa ao Centro: normas, descarga de documentos, menús do comedor, conmemoracións, acceso á aula virtual, etc, ademais de poder ver os vídeos e fotos de moitas das actividades que realizan as vosas fillas e fillos.
- **Diferentes blogues de aula:** con actividades e propostas de aula.
- **Aplicación gratuítia da Xunta de Galicia “AbalarMóbil”:** utilizaremos este medio como canle de comunicación coas familias coa intención de diminuír as comunicacións en formato papel e de enviar avisos ou notificacións dunha maneira máis rápida, cómoda e eficaz. Podes descargala dende Apple store ou dende Google Play Store.
- **Plataformas educativas:** aula virtual e aula Edixgal (5ºEP e 6ºEP).



9. ANPA SANTA MARÍÑA.

- A Asociación de Nais e Pais Sta. Mariña é a representación das familias no colexio. A súa xunta directiva colabora na xestión do centro e realiza unha función desinteresada e moi importante que **todas e todos debemos valorar**. A súa presidenta é Eva González Rial.
- Axuda ao centro educativo subvencionando moitas actividades que realiza o alumnado en horario escolar e extraescolar.
- Organizan as actividades extraescolares e celebran diversas conmemoracións.
- A ANPA tamén demanda diante das diferentes administracións as carencias do centro para acadar melloras en infraestruturas.
- Poden ser socios/as todas as familias que o desexen aboando unha cota anual.
- A atención ás familias por parte da ANPA, pode realizarse no local do Centro no horario que será comunicado.
- Correo electrónico de contacto: anpa.santamarina@hotmail.com
- O espazo Web da ANPA, onde podes informarvos do seu funcionamento, está dentro da páxina Web do centro, no apartado familia.

10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

- Estarán organizadas pola ANPA e para poder participar nelas, será imprescindible ser socio/a, comezando no mes de outubro e rematando en maio. Haberá un profesor/a de garda e a biblioteca permanecerá aberta no horario en que se desenvolvan as actividades extraescolares, excepto os martes e os días que non haxa actividades. Recibiredes información por parte da ANPA.
- Durante o curso, o centro pechará o portal exterior de entrada xusto cando rematen as actividades extraescolares e, no mes de xuño, ao non haber actividades de tarde, pechará ás 16h.
- Rogamos puntualidade tanto na recollida do comedor como nas actividades extraescolares.
- O acceso ao interior do edificio só está permitido para o alumnado que realiza algunha actividade extraescolar ou para as familias que teñen cita coa titora, os martes pola tarde.

11. AULA MATINAL E ALMORZO.

- Encargarase a ANPA da súa organización. Inscrpción: contactar co centro.
- Empresa: Grupo Mediterránea.
- Monitora: Inés Alonso Barreiro.
- Horario: de 07:30 a 09:00
- Cota: Mes completo: 30€ - Medio mes: 16€ - Días Eventuais: 3€
- A monitora xestionará o servizo de almorzo para os alumnos/as usuarios da aula matinal que desexen disfrutar do mesmo.

12. COMEDOR ESCOLAR.

- O comedor é xestionado pola Consellería de Educación.
- Modalidade: xestión indirecta Grupo Mediterránea.
- Monitoras: Inés Alonso Barreiro, Teresa Rois Jordedo e Estefanía Bustos Poggigliani.
- Horario: de 14h. a 16h. con 2 franxas de recollida polas familias, ás 15:00h en punto ou entre as 15:30h. e as 16:00h. Rogamos estrita puntualidade.
- Comunicar a non asistencia do/a neno/a por correo electrónico ao Centro no mesmo día e **antes das 8:45h.** indicando no asunto "**anulación comedor + nome do alumno/a**". De non ser así, o menú será facturado ao usuario/a.
- Na recollida dos nenos/as débese tocar o timbre e agardar no porche do colexio.
- Existen unhas normas específicas para o comedor na web do centro, quen non as cumpla, poderá ser sancionado coa expulsión temporal ou permanente.
- Poden ser causa de baixa no servizo: Non estar ao corrente dos pagos xa que non se poderá facer uso do comedor mentres non se regularicen os pagos pendentes / Non asistir durante un mes de xeito continuado coa frecuencia solicitada agás causas debidamente xustificadas ante a Dirección / Mal comportamento reiterado do alumnado / Non comunicar en 3 ocasións a súa ausencia, antes das 8:45h. do día que deba ter efecto por correo electrónico, poderá ocasionar ser suspendido pola Dirección do uso do servizo durante 10 días.

13. TRANSPORTE ESCOLAR.

- O transporte escolar depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, sendo este gratuito.
- Terá dereito o alumnado que teña o seu enderezo a máis de 2km. do colexio e dentro da parroquia de Vincios.
- **Os usuarios que non fagan uso del dun xeito continuado perderán a condición de usuario lexítimo.**
- Aqueles alumnos/as que reserven viaxe de ida e volta e obteñan praza no comedor escolar para comer todos os días, perderán a praza de transporte na viaxe de volta ao domicilio familiar durante todo o curso escolar.
- Existen unhas normas específicas para o transporte escolar na web do Centro.

14. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF).

As normas son de obrigado cumprimento por parte da comunidade educativa e todos e todas debemos respectalas para que haxa unha boa convivencia. Aquí, un resumo dalgunhas normas e recomendacións:

➤ **ACESO DAS FAMILIAS AO CENTRO:** as familias non poderán acceder con ningún tipo de vehículo, debendo aparcar fóra do recinto e sen obstaculizar o tráfico. Só poderase acceder en vehículo nas seguintes franxas horarias:

- De 07:30h a 08:30h sempre que se faga uso da aula matinal.
- De 15:15h a 16:00h na recollida do alumnado usuario do comedor.

Recordamos que non debedes utilizar o aparcadoiro destinado ao profesorado.

As familias non poderán entrar no edificio escolar, agás que teña unha cita. As portas polas que accede o alumnado, **pecharán ás 9:05h.** e en caso de chegar tarde, tocarán ao timbre da entrada principal e avisarán ao conserxe ou en secretaría para que se encarguen de levalos ás súas respectivas aulas.

O portal de acceso ao recinto escolar pechará ás 09:10h. A partir dese momento haberá que chamar ao telefonillo exterior e identificarse para poder acceder.

➤ **FALTAS DE ASISTENCIA:** Considérase situación de absentismo escolar a ausencia ao centro escolar cando se acumulen faltas sen xustificar que supoñan un **10% do horario lectivo mensual**. As nais e pais terán a obriga de xustificar as faltas dos seus fillos/as mediante un modelo que lle facilitará a titora. Notifíquense a Servizos Sociais do Concello de Gondomar e ao Servizo de Inspección Educativa os casos de absentismo escolar.

PUNTUALIDADE: un deber do alumno/a, do que son responsables as familias, é “asistir á clase con puntualidade e co material preciso” para non alterar o normal funcionamento da aula e do centro e tamén por respecto aos demais.

➤ **RECOLLIDA DO ALUMNADO:** poderán recoller aos alumnos/as únicamente os seus pais e nais ou titores/as legais e as persoas autorizadas por estes. Para recollelos durante as horas lectivas, deben informar aos titores/as con anterioridade e asinar unha autorización.

No caso de que a familia chegue tarde a recoller ao seu fillo/a, deberá chamar ao centro para avisar. **A saída de Educación Infantil** realizarase 5 minutos antes que a de educación primaria para facilitar a entrega dos máis pequenos e evitar aglomeracións.

Só o alumnado de 5ºEP e 6ºEP poderá abandonar sen custodia o centro, o comedor escolar e o autobús e tamén poderán recoller aos seus irmáns pequenos. Para poder realizarlo, as familias deben autorizalo entregando un modelo asinado á titora.

➤ **MATERIAL ESCOLAR:** é obligatorio que traian cada día o material que precisen para as actividades. O profesorado informará ás familias, no primeiro día de clase, do material escolar que necesitará.

➤ **VARIACIONES DE DATOS PERSOAIS:** comunicade en Secretaría calquera variación que haxa na situación persoal e/ou familiar, así como os cambios en números de teléfono ou domicilio. O número de teléfono está asociado á aplicación AbalarMóbil.

➤ **ENFERMIDADES:** os casos de alerxias ou enfermidades crónicas que precisen atención rápida deben ser comunicados ao centro. Durante as enfermidades ou estados contaxiosos os nenos/as non deben vir ao colexio polo seu propio ben e o dos seus compañeiros/as.

➤ **REPARACIÓN DE DANOS:** a reparación dos desperfectos causados intencionadamente polo alumnado nas instalacións e material do Centro ou nas pertenzas doutras persoas, será a cargo das familias implicadas. Cómpre insistir na importancia de cuidar os materiais e tamén os libros de préstamo da biblioteca.

➤ **MÓBILES:** o uso de teléfonos móbiles, así como de dispositivos de reproducción ou gravación, están expresamente prohibidos durante o período lectivo.

➤ **ASEO PERSOAL E ROUPA:** Os alumnos/as deben vir debidamente aseados ao colexio. A roupa debe ser cómoda e estar **marcada co nome**. Existe unha caixa de prendas perdidas, procuremos que estea baleira. **Ao finalizar o curso**, o contido desta caixa será baleirado no contedor de roupa habilitado no exterior do centro.

➤ **HÁBITOS SAUDABLES:** para traballar no camiño duns correctos hábitos saudables, será fundamental que se deiten a unha hora razonable, para que pola mañá poidan render no colexio, debendo distribuír equilibradamente o tempo de estudio e de ocio, especialmente no relativo ás lecturas, televisión, videoxogos, etc. Recalcamos tamén a necesidade de poder realizar algunha actividade física fóra do horario escolar. Lembrade que os nenos/as deben almorzar sempre e traer para o recreo alimentos saudables como froita, lácteos, bocadillos, etc, evitando a bolería industrial.

Por último recordade que: “O RESPECTO É A BASE DA CONVIVENCIA, O COLEXIO É DE TODAS E TODOS”.

Moitas grazas pola vosa colaboración.